CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO:	**REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN ASPIRANTE SEGUNDA DA LISTA DE RESERVA.**
PROCESO SELECTIVO:	**PROCESO SELECTIVO ESTABILIZADOR: 1 PRAZA DE MESTRE/A PAI DE APOIO** **(Bases publicadas no BOP da Deputación da Coruña núm. 236 de data 15/12/2022)**
	CONCURSO – PERSOAL LABORAL FIXO

Considerando os seguintes antecedentes:

- Decreto nº 3/2025 de aprobación proposta do tribunal avaliador do proceso selectivo de data 07/01/2025, publicado no BOP nº 7 de data 13/01/2025.
- Decreto nº 36/2025 de requirimento documentación da primeira da lista de reserva de data 23/01/2025, publicado no BOP nº 29/01/2025.
- Visto que a candidata á que se lle requiriu a documentación non presentou a documentación no prazo establecido.

En consecuencia do exposto e en exercicio das atribucións que me encomenda a normativa do réxime local, concretamente o disposto no artigo 21 da Lei de bases do réxime local, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Considerando os antecedentes expostos no presente Decreto, requirir á segunda aspirante da lista de reserva (Vanessa Carril García con DNI XXX9300XX), para efectuar o seu nomeamento, que achegue no prazo indicado nas bases reguladoras do proceso a documentación pertinente que se indica a continuación:

PRAZO PARA ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA:	Según a B.10 das bases reguladoras da convocatoria, o prazo será de 20 días naturais desde que se publique a relación de candidatos/as no Boletín Oficial da Provincia.
DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA:	Según a B.10 das bases reguladoras da convocatoria, a candidata deberá presentar "os orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade (certificado médico) e requisitos esixidos na convocatoria" (indicados na B.3 das bases xerais da convocatoria e B.2 das bases específicas): "a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza á que aspira. c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público. d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. e) Posuír ou estar en condición de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rexan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente. Así mesmo segundo a Disposición Adicional 6ª do TREBEP ás agrupacións profesionais , Grupo V, non se lles esixirá titulación académica para acceso, salvo que sexa requisito regulado lexislativamente, polo tanto, imprescindible posuíla para desempeñar o posto. f) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA que corresponda, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, de acordo co indicado nas bases específicas. A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 do xullo de 2007, e Orden de 10 do febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao

CVD: LfllZMziNEBtxC2br13T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega. g) Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas: 1.- Titulación: Segundo o descrito no artigo 19 punto 3 do Regulamento de réxime interior do punto de antención á infancia do Concello de Boimorto que se refire o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros e menores e os centros de atención á infancia (artigo 27.2): - Licenciado/a en pedagoxía ou psicopedagoxía. - Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente. - Técnico superior en educación infantil ou equivalente. Ademais das titulacións anteriores o persoal de apoio poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: - Técnico en atención sociosanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermería, diplomado/a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou a recoñecida no Regulamento de réxime interior do punto de atención á infancia do Concello de Boimorto " cursos de especialización na materia que, cun mínimo de 300 horas, recoñeza o órgano competente para a autorización do centro". 2.- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente"

SEGUNDO.- Facer público o presente acordo de conformidade ao disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo de referencia.

TERCEIRO.- Notificar o presente decreto ao aspirante interesado aludido no punto anterior aos efectos da súa constancia e trámites oportunos.

CUARTO.- traslado do presente acordo ao pleno do Concello de Boimorto na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decretouno a Alcaldía, á data da súa sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello, dou fe e traslado.

CVD: Lfl3ZMziNEBtxC2br13T Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.